

A CIG-ENSINO NÉGASE A TRATAR O DECRETO DE FORMACIÓN DO PROFESORADO EN SINAL DE PROTESTA POLA ACTITUDE AUTORITARIA E DITATORIAL DO DIRECTOR XERAL DE EDUCACIÓN, QUE DEMOSTROU UNHA VEZ MÁIS O SEU DESPREZO POLO PROFESORADO E OS SEUS REPRESENTANTES

No momento de se iniciar a Mesa a CIG-Ensino pide a palabra para reclamar unha resposta ao escrito presentado unitariamente por todas as organizacións en que se criticaba o funcionamento da Mesa sectorial nos últimos meses e se solicitaba un adiamento da mesa para o mes de setembro. O Director Xeral de Educación, Mira Lema, di que non ten coñecemento do escrito. Respóndeselle que se lle presentou por rexistro o día 25 e que mesmo se lle levou ao despacho. Comprobamos con estupor que primeiro di que non o coñece e logo admite que sabe de que trata, para logo volver negar o seu coñecemento.

A CIG-Ensino infórmao do contido do escrito e dos motivos de pedir o adiamento, fundamentalmente que neste momento non é posíbel garantir a participación do profesorado nun tema de tanta relevancia como é a súa formación. Insistimos en que como organización sindical representativa queremos ter en conta a opinión do profesorado, darlle participación e para iso este non é o momento. Ademais este Decreto ten que pasar polo Consello Escolar de Galicia, que non se reúne en xullo, polo que estamos diante dun borrador que non será tramitado até o vindeiro curso e que, por tanto, non se vai aplicar no curso que vén.

Para a CIG é difícil entender que non se atenda un escrito que é unha posición unánime de todas as organizacións sindicais. Moito máis cando hai meses que preguntamos se existía este borrador e pedimos que se trouxese á mesa con tempo, de feito, unha parte da Consellaría aceptou que procurarían traer as cousas antes de que rematasen as aulas.

Desde a CIG-Ensino denunciámos a actitude ditatorial de Mira Lema, e salientamos que en moitos anos é a primeira vez que isto sucede e que nos encontramos cun Director Xeral tan autoritario, que mesmo non ten reparo en dicir claramente que os temas e os días para tratalos fíxaos exclusivamente a Administración, como resposta á nosa crítica de que non se fixou en todo o curso un calendario de temas a negociar, resposta propia dun ditador.

Nesta situación e ante unha actitude de desprezo grave do profesorado e dos seus representantes lexítimos, a CIG pide un receso para que as organizacións sindicais consideremos que facer ante esta situación.

Durante o receso, a CIG pon de manifesto que por dignidade deberíamos abandonar a mesa sectorial ante a actitude do Director Xeral que nega coñecer o escrito, cando o coñece e di que non o



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

recibiu, o que pon de manifesto un fallo grave na Consellaría. CCOO e ANPE din claramente que non abandonarán a Mesa. Ante isto a CIG propón que se non hai unanimidade en abandonar a mesa, como única reacción digna ao ninguneo de Mira Lema, e a sabendas de que non vai haber avances no Decreto, cuestión esta que todas as organizacións sindicais admiten, propoñemos non entrar na negociación do Decreto e presentar alegacións no momento oportuno no curso vindeiro, tendo en conta a consideración do profesorado. Soamente UGT e STEG participan desta proposta e manifestan que tampouco entrarán na negociación do Decreto. CCOO e ANPE din que queren que as súas alegacións consten en acta, aínda que non sexan aceptadas polo Director Xeral.

Rematado o receso, a CIG trasládalle ao Director Xeral, Mira Lema, a súa posición:

A CIG-Ensino non vai entrar na discusión do Decreto polas seguintes razóns: a grave desconsideración coa representación sindical presentada por escrito, que se pretendeu negar o seu coñecemento. É a primeira vez que ante una posición unitaria dun tema que non ten urxencia, que vai ser tramitado no próximo curso, que ademais esta non é una época para tratar temas novos, e na medida en que estamos ante un tema fulcral para o profesorado, como organización sindical que representa o 40 % do profesorado, por dignidade e por respecto ao profesorado, non imos entrar no articulado, porque nos parece unha actitude absolutamente autoritaria do Consellaría. No momento oportuno enviaremos a nosa propostas, contratadas co profesorado, e presentaremos alegacións no Consello Escolar. Desde a CIG lamentamos o que está sucedendo, unha actitude de prepotencia e autoritarismo que en moitos anos nunca se dera. Denunciamos que se está xogando coa dignidade do profesorado.

A CIG-Ensino lamenta que ante unha situación tan grave, ante a reiteración dos desprezo ao profesorado, cunha actitude que nunca nos atopáramos na Consellaría de Educación, haxa organizacións sindicais que non teñan a dignidade de facer unha fronte común contra a Consellaría e busquen escusas para non abandonar a mesa denunciando contundentemente o seu funcionamento, e iso despois de admitir que non se producen avances nas negociacións e que coinciden co noso diagnóstico. Pola nosa parte, por dignidade e por responsabilidade do profesorado, non podemos participar nesta pantomima na que non se respectan as máis elementais regras democráticas.

www.cig-ensino.com

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com